



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)  
[concellodelousame@concellodelousame.com](mailto:concellodelousame@concellodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

## ACTA DOS ACORDOS DO PLENO DA CORPORACIÓN

NÚMERO ACTA: **2025/17**

TIPO DE SESIÓN: **ORDINARIA**

DATA: **Xoves, 27 de novembro de 2025**

LUGAR DE CELEBRACIÓN: **Salón de Plenos do Concello de Lousame**

HORA DE COMEZO: **20:00**

HORA DE REMATE: **20:45**

No día de hoxe, á hora indicada, baixo a presidencia da Alcaldía, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión 2025/17 – Ordinaria**, do Pleno da Corporación

### **PRESIDE:**

ESTEBAN ARES GARCÍA (PP)

### **ASISTEN:**

*PP*

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA  
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL  
MARIEL AGRAFOJO NIETO  
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO  
YESICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

*PSdG-PSOE*

JUAN JOSÉ PREGO CES  
IRIA INSUA GONZÁLEZ (PSdG-PSOE)  
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
BEGOÑA MAROÑAS MAROÑAS

*GRUPO MIXTO (BNG)*

ANXO MOLEDO CARREÑO

### **AUSENCIAS:**

### **SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)  
[concellodelousame@concellodelousame.com](mailto:concellodelousame@concellodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

## ORDE DO DÍA:

Declaración Institucional do Concello de Lousame, en relación ao 25N

### Parte resolutiva:

- 1.- Aprobación das seguintes actas: sesión ordinaria do 26/09/2025; extraordinaria e urxente do 30/09/2025; extraordinaria e urxente do 07/10/2025, extraordinaria do 28/10/2025 e extraordinaria e urxente do 06/11/2025.
- 2.- Aprobación da Bonificación do IBI para o exercicio 2026.
- 3.- Inclusión, se procede, doutros asuntos por razón de urxencia.

### Parte de control:

- 4.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía: da 524/2025 á 670/2025
- 5.- Dación de conta dos acordos adoptados pola XGL: sesión do 23/10/2025.
- 6.- Dación de conta dos informes da Intervención en relación coa estabilidade orzamentaria
- 7.- Dación de conta do PMP do 3T/2025
- 8.- Dación de conta da designación de dona Begoña Maroñas Maroñas como representante na Asemblea da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, a proposta do GPM do PSdG-PSOE.
- 9.- Dación de conta da designación de don Ramón M. Martínez Rial como representante na Asemblea da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, a proposta do GPM do PP.
- 10.- Dación de conta da designación de membros nas CI a proposta do GPM do PP.
- 11.- Dación de conta da Resolución da Alcaldía aprobando delegación especial.
- 12.- Inclusión, se procede, doutras mocións por razón de urxencia.
- 13.- Rogos e Preguntas

## DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000017** e identificado pola pegada dixital:

**587cce39622abec47f0953fdee949cba0112f404493bc72c8709b0c5303d094b**

O vídeo gravado durante a sesión estará, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos>

Aberta a sesión, a Presidencia solicita á Concelleira de Servizos Sociais, D<sup>a</sup> Silvia Agrafojo Filgueira que proceda á lectura da Declaración Institucional do Concello de Lousame, en relación ao 25N, que se consensuou na Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria. É do seguinte teor literal:

|                                                                                                                                    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>DECLARACIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Trátase dun día no que como sociedade queremos amosar o noso máis profundo rexeitamento a todo tipo de violencia contra as mulleres. Porque a dignidade de cada muller é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese, de feito que a sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e deben ser os poderes públicos os encargados de garantila.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable. Deste xeito a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)  
[concellodelousame@concellodelousame.com](mailto:concellodelousame@concellodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciáveis que proclaman tanto a Constitución Española coma o noso Estatuto de Autonomía. Por iso, temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos, algo que concirne de xeito especial ás administracións públicas.

Os datos que coñecemos son pouco alentadores: as agresións sexuais e as violacións non paran de aumentar no conxunto da Sociedade, seguen aumentando tamén as vítimas da trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban dentro do sistema VioGen.

Porén, debe ser un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía, porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar os muros de silencio que aínda a rodean.

De igual xeito tamén as mulleres e a sociedade no seu conxunto precisan de gobernos á altura das circunstancias, que tomen medidas axeitadas para erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas.

As Administración locais, autonómicas e estatais, teñen a obriga de mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencias contra as mulleres e os menores, en coordinación cos servizos sociais e sanitarios.

Desde o Concello de Lousame, apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta repudiable lacra e, xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha sociedade máis solidaria, máis equilibrada, máis igualitaria e sen discriminación.

### **1.- APROBACIÓN DAS SEGUINTE ACTAS: SESIÓN ORDINARIA DO 26/09/2025; EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 30/09/2025; EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 07/10/2025, EXTRAORDINARIA DO 28/10/2025 E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 06/11/2025.**

O Alcalde somete a aprobación os borradores das actas das sesións do 26/09/2025, 30/09/2025, 07/10/2025, 28/10/2025 e 06/11/2025. Pregunta se hai intervencións. Non habendo, somete os borradores a aprobación.

- *Acta da sesión ordinaria do 26/09/2025*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión ordinaria do 26/09/2025.**

- *Acta da sesión extraordinaria e urxente do 30/09/2025*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30/09/2025.**



- *Acta da sesión extraordinaria e urxente do 07/10/2025*



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión extraordinaria e urxente do 07/10/2025.

– Acta da sesión extraordinaria do 28/10/2025

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión extraordinaria do 28/10/2025.

– Acta da sesión extraordinaria e urxente do 06/11/2025

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a acta da sesión extraordinaria e urxente do 06/11/2025.

## 2.- APROBACIÓN DA BONIFICACIÓN DO IBI PARA O EXERCICIO 2026

A secretaría procede á lectura da proposta de acordo que se somete á aprobación do Pleno Corporativo:

**Asunto:** Declaración de especial interese ou utilidade municipal de inmobles nos que se desenvolvan total e exclusivamente, actividades agrarias pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración, aos efectos de obter unha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI.

**Expediente:** 2025/X006/000043

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo segundo o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, adopta o seguinte acordo á vista dos antecedentes e fundamentos que de seguido se expoñen.

**Primeiro:** As explotacións agrícolas e gandeiras axudan a fixar a poboación nos ámbitos rurais, representando unha opción de futuro para a xente nova que ve garantidas as súas expectativas económicas no rural, pois estas explotacións fomentan e xeran postos de traballo. Ademais contribúen en grande maneira na dinamización da vida social e cultural dos lugares onde se asentan.

É un obxectivo primordial deste Concello o garantir un futuro aos seus habitantes, sobre todo aos máis novos, así como evitar o despoboamento e abandono do rural; todo isto, incardinado nas políticas tanto autonómicas, coma estatais e europeas de fomento do mundo rural.

**Segundo:** O artigo 7.2 da *Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Bens Inmobles*, aprobada na sesión extraordinaria e urxente do 22.12.2017 e publicada a súa aprobación definitiva no BOP núm. 243 do 26.12.2017, sinala o seguinte:

<<7.2. Gozarán dunha bonificación do noventa e cinco por cento (95%) da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. A bonificación terá carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- a) Certificado de Facenda no que conste a situación censual do solicitante.  
b) Acreditación da titularidade catastral do inmovible.  
c) Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.  
d) Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación>>

Esta bonificación ten carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

**Terceiro:** Ao longo do ano 2025, presentaron solicitude de bonificación do noventa e cinco por cento (95%) da cota íntegra do imposto, para aqueles inmovibles nos que desenvolven, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego as seguintes persoas para os inmovibles que se indican:

|   | Titular explotación:                 | DNI ou CIF  | Referencia catastral da finca afecta                                 | DNI ou CIF titular catastral                                                                                                                                      |
|---|--------------------------------------|-------------|----------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 | González Batalla, S.C.               | J1598193    | 15043D505009750000EX                                                 | González Batalla, José Antonio (94,20 %) ***3915**<br>Viqueira Varela, Noelia (5,80%) ***0372**                                                                   |
| 2 | Cesares Holstein, S.C.               | J15994494   | 15043G505007110000IF                                                 | Ces Ares, Domingo (50%) ***8223**<br>Lárido Boullón, Celia (25%) ***9682**<br>Ces Ares, Juan Carlos (25%) ***7713**                                               |
| 3 | Granxas Santa Baía e Pastoriza, S.L. | B15970759   | 15043C504001130000OH                                                 | Granxas Santa Baía e Pastoriza, s.l. (100% dereito de superficie) B15970759<br>MVMC Fuentefría (100% de propiedade) E15211345                                     |
| 4 | SAT Santa Lucía. (XUGA 111)          | V15793417   | 15043A075002850000XP                                                 | CPMC Monte Agudo. (100%) V1511693                                                                                                                                 |
| 5 | Tubío Busto, S.C.                    | (J15689516) | 15043C504013260001PT<br>15043C504013260000OR                         | Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**<br>Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**                                                                                      |
| 6 | Fonte do Espiño, SL                  | B16357436   | 15043A007000910000XF<br>15043A007000580000XO                         | Herdeiros de Batalla Rey, José (100%) ***7919**<br>Herdeiros de Batalla Rey, José (100%) ***7919**                                                                |
| 7 | Andrea Vilar de Reconco, S.C.        | (J70047014) | 15043G505003160000IB<br>15043G505003190000IQ<br>15043G505003190001OW | Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474** |

**Cuarto:** Consta no expediente, informe do Técnico de Administración Xeral do Concello, do 05.11.2025, no que en resumo sinala:

- Que todos os solicitantes presentaron xunto coa súa solicitude, a documentación sinalada na Ordenanza.
- Comprobada a documentación aportada, resulta que as entidades González Batalla, S.C., Cesares Holstein, S.C., Granxas Santa Baía e Pastoriza, S.L., Andrea Vilar de Reconco, S.C., Fonte do Espiño, S.L., SAT Santa Lucía. (XUGA 111) e Tubío Busto, S.C. se ben non son os titulares das fincas para as que se pide a bonificación, si contan en tódolos casos con título suficiente que acredita que ditas fincas están destinadas a total e exclusivamente á explotación.
- Emite proposta de resolución, no sentido de declarar de especial interese ou utilidade municipal os anteriores inmovibles, aos efectos de obter a bonificación do IBI.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o contido do informe-proposta dos servizos técnicos municipais nos seguintes termos: Declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguinte inmovibles nos que se desenrolan, total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

|   | Titular da explotación:              | DNI ou CIF  | Referencia catastral da finca afecta                                 | DNI ou CIF titular catastral                                                                                                                                               |
|---|--------------------------------------|-------------|----------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 | González Batalla, S.C.               | J1598193    | 15043D505009750000EX                                                 | González Batalla, José Antonio (94,20 %)<br>***3915**<br>Viqueira Varela, Noelia (5,80%) ***0372**                                                                         |
| 2 | Cesares Holstein, S.C.               | J15994494   | 15043G505007110000IF                                                 | Ces Ares, Domingo (50%) ***8223**<br>Lárido Boullón, Celia (25%) ***9682**<br>Ces Ares, Juan Carlos (25%) ***7713**                                                        |
| 3 | Granxas Santa Baia e Pastoriza, S.L. | B15970759   | 15043C504001130000OH                                                 | Granxas Santa Baia e Pastoriza, s.l. (100%<br>dereito de superficie) B15970759<br>MVMC Fuentefria (100% de propiedade)<br>E15211345                                        |
| 4 | SAT Santa Lucía. (XUGA 111)          | V15793417   | 15043A075002850000XP                                                 | CPMC Monte Agudo. (100%)<br>V1511693                                                                                                                                       |
| 5 | Tubío Busto, S.C.                    | (J15689516) | 15043C504013260001PT<br>15043C504013260000OR                         | Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**<br>Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**                                                                                               |
| 6 | Fonte do Espiño, SL                  | B16357436   | 15043A007000910000XF<br>15043A007000580000XO                         | Herdeiros de Batalla Rey, José (100%)<br>***7919**<br>Herdeiros de Batalla Rey, José (100%)<br>***7919**                                                                   |
| 7 | Andrea Vilar de Reconco, S.C.        | (J70047014) | 15043G505003160000IB<br>15043G505003190000IQ<br>15043G505003190001OW | Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%)<br>***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%)<br>***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%)<br>***6474** |

**SEGUNDO.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o contido deste acordo, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do contido deste acordo ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos"

Finalizada, no seu caso, a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:**

**Asunto:** Declaración de especial interese ou utilidade municipal de inmuebles nos que se desenvolvan total e exclusivamente, actividades agrarias pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración, aos efectos de obter unha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI.

**Expediente:** 2025/X006/000043

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción deste acordo segundo o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, adopta o seguinte acordo á vista dos antecedentes e fundamentos que de seguido se expoñen.

**Primeiro:** As explotacións agrícolas e gandeiras axudan a fixar a poboación nos ámbitos rurais, representando unha opción de futuro para a xente nova que ve garantidas as súas expectativas económicas no rural, pois estas explotacións fomentan e xeran postos de traballo. Ademais contribúen en grande maneira na dinamización da vida social e cultural dos lugares onde se asentan.



É un obxectivo primordial deste Concello o garantir un futuro aos seus habitantes, sobre todo aos máis novos, así como evitar o despoboamento e abandono do rural; todo isto, incardinado nas políticas tanto autonómicas, coma estatais e europeas de fomento do mundo rural.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**Segundo:** O artigo 7.2 da *Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Bens Inmóbles*, aprobada na sesión extraordinaria e urxente do 22.12.2017 e publicada a súa aprobación definitiva no BOP núm. 243 do 26.12.2017, sinala o seguinte:

<<7.2. Gozarán dunha bonificación do noventa e cinco por cento (95%) da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. A bonificación terá carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda no que conste a situación censual do solicitante.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación>>

Esta bonificación ten carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

**Terceiro:** Ao longo do ano 2025, presentaron solicitude de bonificación do noventa e cinco por cento (95%) da cota íntegra do imposto, para aqueles inmóbles nos que desenvolven, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego as seguintes persoas para os inmóbles que se indican:

|   | Titular explotación:                 | da | DNI ou CIF  | Referencia catastral da finca afecta                                 | DNI ou CIF titular catastral                                                                                                                                      |
|---|--------------------------------------|----|-------------|----------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 | González Batalla, S.C.               |    | J1598193    | 15043D505009750000EX                                                 | González Batalla, José Antonio (94,20 %) ***3915**<br>Viqueira Varela, Noelia (5,80%) ***0372**                                                                   |
| 2 | Cesares Holstein, S.C.               |    | J15994494   | 15043G505007110000IF                                                 | Ces Ares, Domingo (50%) ***8223**<br>Lápidio Boullón, Celia (25%) ***9682**<br>Ces Ares, Juan Carlos (25%) ***7713**                                              |
| 3 | Granxas Santa Baia e Pastoriza, S.L. |    | B15970759   | 15043C504001130000OH                                                 | Granxas Santa Baia e Pastoriza, s.l. (100% dereito de superficie) B15970759<br>MVMC Fuentefría (100% de propiedade) E15211345                                     |
| 4 | SAT Santa Lucía. (XUGA 111)          |    | V15793417   | 15043A075002850000XP                                                 | CPMC Monte Agudo. (100%) V1511693                                                                                                                                 |
| 5 | Tubío Busto, S.C.                    |    | (J15689516) | 15043C504013260001PT<br>15043C504013260000OR                         | Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**<br>Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**                                                                                      |
| 6 | Fonte do Espiño, SL                  |    | B16357436   | 15043A007000910000XF<br>15043A007000580000XO                         | Herdeiros de Batalla Rey, José (100%) ***7919**<br>Herdeiros de Batalla Rey, José (100%) ***7919**                                                                |
| 7 | Andrea Vilar de Reconco, S.C.        |    | (J70047014) | 15043G505003160000IB<br>15043G505003190000IQ<br>15043G505003190001OW | Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474** |



**Cuarto:** Consta no expediente, informe do Técnico de Administración Xeral do Concello, do 05.11.2025, no que en resumo sinala:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- Que todos os solicitantes presentaron xunto coa súa solicitude, a documentación sinalada na Ordenanza.
- Comprobada a documentación aportada, resulta que as entidades González Batalla, S.C., Cesares Holstein, S.C., Granxas Santa Baia e Pastoriza, S.L., Andrea Vilar de Reconco, S.C., Fonte do Espiño, S.L., SAT Santa Lucía. (XUGA 111) e Tubío Busto, S.C. se ben non son os titulares das fincas para as que se pide a bonificación, si contan en tódolos casos con título suficiente que acredita que ditas fincas están destinadas a total e exclusivamente á explotación.
- Emite proposta de resolución, no sentido de declarar de especial interese ou utilidade municipal os anteriores inmobles, aos efectos de obter a bonificación do IBI.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o contido do informe-proposta dos servizos técnicos municipais nos seguintes termos: Declarar de especial interese ou utilidade municipal os seguinte inmobles nos que se desenrolan, total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican tal declaración, aos efectos da obtención dunha bonificación do 95% da cota íntegra do IBI:

|   | Titular explotación:                 | da | DNI ou CIF  | Referencia catastral da finca afecta                                 | da | DNI ou CIF titular catastral                                                                                                                                      |
|---|--------------------------------------|----|-------------|----------------------------------------------------------------------|----|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 | González Batalla, S.C.               |    | J1598193    | 15043D505009750000EX                                                 |    | González Batalla, José Antonio (94,20 %) ***3915**<br>Viqueira Varela, Noelia (5,80%) ***0372**                                                                   |
| 2 | Cesares Holstein, S.C.               |    | J15994494   | 15043G505007110000IF                                                 |    | Ces Ares, Domingo (50%) ***8223**<br>Lárido Boullón, Celia (25%) ***9682**<br>Ces Ares, Juan Carlos (25%) ***7713**                                               |
| 3 | Granxas Santa Baia e Pastoriza, S.L. |    | B15970759   | 15043C504001130000OH                                                 |    | Granxas Santa Baia e Pastoriza, s.l. (100% dereito de superficie) B15970759<br>MVMC Fuentefría (100% de propiedade) E15211345                                     |
| 4 | SAT Santa Lucía. (XUGA 111)          |    | V15793417   | 15043A075002850000XP                                                 |    | CPMC Monte Agudo. (100%) V1511693                                                                                                                                 |
| 5 | Tubío Busto, S.C.                    |    | (J15689516) | 15043C504013260001PT<br>15043C504013260000OR                         |    | Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**<br>Tubío Bargo, Manuel (100%) ***9422**                                                                                      |
| 6 | Fonte do Espiño, SL                  |    | B16357436   | 15043A007000910000XF<br>15043A007000580000XO                         |    | Herdeiros de Batalla Rey, José (100%) ***7919**<br>Herdeiros de Batalla Rey, José (100%) ***7919**                                                                |
| 7 | Andrea Vilar de Reconco, S.C.        |    | (J70047014) | 15043G505003160000IB<br>15043G505003190000IQ<br>15043G505003190001OW |    | Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474**<br>Tubío Abeijón, José (Herdeiros de) (100%) ***6474** |

**SEGUNDO.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o contido deste acordo, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Lousame.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do contido deste acordo ao Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos"

### **3.- INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DOUTROS ASUNTOS POR RAZÓN DE URXENCIA**

#### **3.1.- APROBACIÓN INICIAL DA MC 28/2025**



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía da conta da proposta de ratificación da urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno:

**PROPOSTA: APROBACIÓN DA URXENCIA DA MC 28/2025 E A SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO PLENO CORPORATIVO**

O artigo 83 do RD 2568/1986, do 28 de novembro (Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais) sinala que serán nulos os acordos adoptados en sesións ordinarias sobre materias non incluídas na Orde do Día, salvo especial e previa declaración de urxencia feita polo órgano correspondente, co voto favorable da maioría prevista no artigo 47.3 da LRBRL (maioría absoluta)

A urxencia está motivada pola necesidade de aprobar a MC 28/2025, cuxo obxecto é redistribuír o crédito do Estado de Gastos, para empregar os remanentes existentes e dotar aquelas aplicacións deficitarias; coa finalidade de poder aprobar e aplicar ao orzamento do 2025 facturas xa devindicadas.

O expediente administrativo non quedou ultimado até o 26/11/2025, polo que non puido ser incluído na convocatoria do Pleno Ordinario que terá lugar o día 27/11/2025.

Por todos estes motivos, a Alcaldía propón que o Pleno Corporativo aprrobe a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno Corporativo do día 27/11/2025.

O Alcalde, Esteban Ares García

Finalizada, no seu caso, a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno Corporativo do día 27/11/2025.**

A secretaría procede á lectura da proposta de acordo que se somete á aprobación do Pleno Corporativo:

<<O Pleno Corporativo, órgano competente, adopta o seguinte acordo en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Primeiro: Existen unha serie de gastos, xa devindicados, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, para poder ser aplicados ao exercicio orzamentario, referidos ao capítulo 2 e 6 de gastos, co seguinte detalle:

| Nº de Entrada | Fecha   | Nº de Docum.  | Fecha Dto. | Importe Total | Nombre                          | Texto Explicativo                                                                        | Prog | Econ  |
|---------------|---------|---------------|------------|---------------|---------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|------|-------|
| F/2025/513    | 15-5-25 | FVE/2025/0237 | 15-5-25    | 1.093,60      | EVELB TECNICAS Y SISTEMAS, S.L. | MANTEMENTO INFORMÁTICO                                                                   | 920  | 22799 |
| F/2025/590    | 6-6-25  | 25 334        | 6-6-25     | 2.009,82      | ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.   | SERV. DIREC. OBRA Y COORD. SEGUR. Y SALUD OBRAS: MELLORA VIARIO DE POUSADA A CARANTOÑA E | 150  |       |



22706



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

|            |                     |         |           |                                      |                                                                                                                          |     |       |
|------------|---------------------|---------|-----------|--------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-------|
| F/2025/591 | 6-6-25 25 335       | 6-6-25  | 1.692,66  | ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.        | SERV.DIREC.OBRA Y COORDIN. SEGUR. Y SALUD DE LAS OBRAS: MELLORA VIARIO EN OUTEIRO. POS+ ADICIONA                         | 150 | 22706 |
| F/2025/666 | 1-7-25 OTR 250115   | 30-6-25 | 980,10    | SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA, SL    | ESTANCIA, MANUTENCIÓN Y CUSTODIA DE ANIMALES EN CENTRO DE ACOGIDA                                                        | 920 | 22799 |
| F/2025/677 | 12-7-25 A2025 152   | 3-7-25  | 1.203,95  | RAMON SANTOS PEREZ                   | Servicio de delegado de protección de datos anualidad                                                                    | 920 | 22799 |
| F/2025/771 | 2-8-25 OTR 250131   | 31-7-25 | 1.012,77  | SERVICIOS GALLEGOS DE LACERIA, SL    | ESTANCIA, MANUTENCIÓN Y CUSTODIA DE ANIMALES EN CENTRO DE ACOGIDA                                                        | 920 | 22799 |
| F/2025/810 | 8-8-25 F25/000094   | 7-8-25  | 5.523,65  | PAVIMENTOS NOIA OBRAS E CONTRATAS SL | OBRA: PISCINA MUNICIPAL                                                                                                  | 342 | 21200 |
| F/2025/813 | 9-8-25 Emit 00911   | 8-8-25  | 249,00    | ELECTRODOMESTICO S CARACAS SL        | TELEFONO MOVIL SAMSUNG SMA166B A26 5G ( PARA DEP OBRAS )                                                                 | 920 | 62600 |
| F/2025/826 | 13-8-25 Emit 63     | 12-8-25 | 21.093,06 | BICHO MULTISERVICIOS SL              | Cometida de agua para abastecemento de Brandia                                                                           | 161 | 21000 |
| F/2025/853 | 28-8-25 VS2025 529  | 28-8-25 | 500,00    | BARBANZA PREVENCION, S.L.            | Reconocimientos médicos efectuados                                                                                       | 920 | 22799 |
| F/2025/869 | 2-9-25 FM25 1451    | 29-8-25 | 2.003,88  | TALLERES CASTRO Y GOMEZ, S.L.        | REPARACIÓNS VEHÍCULOS                                                                                                    | 920 | 21400 |
| F/2025/907 | 9-9-25 2025 00288   | 5-9-25  | 786,50    | INGENIERIA AGRICOLA RODRIGUEZ SL     | MEMORIA TECNICA VALORADA PARA MEJORA DE CAMINOS EN ALDEA GRANDE Y CRUCE SOUTELO A CAPILLA GORGOSA                        | 150 | 22706 |
| F/2025/937 | 16-9-25 AP2500127 7 | 16-9-25 | 253,00    | AGROAMB PRODALT SL                   | ALUGUER MENSUAL CONTEADOR RESIDUOS DE CRIBADO                                                                            | 330 | 20300 |
| F/2025/955 | 25-9-25 10 2025     | 25-9-25 | 600,00    | ROSA Mª BARCALA GONZALEZ             | PLACAS HOMENAJE                                                                                                          | 920 | 22601 |
| F/2025/957 | 26-9-25 FV 10       | 25-9-25 | 575,58    | DUO TELECOMUNICACIONES SL            | REPARACIÓN MÓDULO RF-RF 233120 - MUX MAUT (TVG) / MANO DE OBRA: INSTALACIÓN, CONFIGURACIÓN Y AJUSTE. COMPROBACIÓN        | 920 | 22799 |
| F/2025/960 | 26-9-25 0 309       | 26-9-25 | 306,07    | INFONOVA SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL  | Cargador para portátil - Microsoft Surface Pro, 65W, USB, Negro, Magnético / Ordenador HP 8100 Elite SFF Reacondicionado | 920 | 62600 |
| F/2025/965 | 29-9-25 106/25      | 29-9-25 | 10.333,40 | METAL NOIA SL                        | MINAS DE SAN FINX - Desmontar barras existentes e colocar pasamans superior e dous intermedios en tubo galvanizado       | 432 | 21200 |
| F/2025/968 | 29-9-25 524501163   | 15-9-25 | 1.394,54  | SUMINISTROS ABC BOIRO, S.L.          | TUBO SANEAMIENTO COARRUGADO 630 NG                                                                                       | 160 |       |

51.611,58

21000



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
[www.concellodelousame.com](http://www.concellodelousame.com)  
[concellodelousame@concellodelousame.com](mailto:concellodelousame@concellodelousame.com)  
C.I.F. P-1504300-c

**Segundo:** A día de hoxe nas bolsas de vinculación afectadas (1.2, 3.2, 4.2, 9.2 e 9.6) non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CRÉDITO XERADO/ € |
|-------------------------|-------------------|
| 150.22706               | 4.488,98          |
| 160.21000               | 1.394,54          |
| 161.21000               | 21.093,06         |
| 330.20300               | 253               |
| 342.21200               | 5.523,65          |
| 432.21200               | 10.333,40         |
| 920.22799               | 5.366             |
| 920.62600               | 555,07            |
| 920.21400               | 2.003,88          |
| 920.22601               | 600               |
|                         | 51.611,58         |

**Terceiro:** Este expediente de modificación de créditos **28/2025**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

| APLICACIÓN ORZAMENTARIA | EUROS            |
|-------------------------|------------------|
| 231.22799               | 44.000           |
| 231.21200               | 4000             |
| 231.21500               | 2.500            |
| 231.22300               | 1.111,58         |
| <b>TOTAL</b>            | <b>51.611,58</b> |

**Cuarto:** Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

**Quinto:** Vistos os informes da Secretaría-Intervención núm. 243 e 244 do 26/11/2025.

**Sexto:** O artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que cando razóns de interese público o aconsellen poderase acordar a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, para o cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O prazo ordinario da tramitación do procedemento implica un período de información pública de 15 días hábiles. Tendo en conta a data de aprobación inicial da modificación, e a data do envío do anuncio ao BOP, aínda realizando o dito envío de xeito urxente, o anuncio de información pública non saíra publicado antes do 01.12.2025. Os 15 días hábiles finalizarían o día 23.12.2025; polo que o anuncio de aprobación definitiva non podería remitirse ao BOP antes do 26.12.2025 e non hai garantía de que poida saír publicado antes do 31.12.2025. Por todos estes motivos, cómpre aplicar a tramitación urxente prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

